

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL PARA LEVAR A CABO A ATENCIÓN RESIDENCIAL E A INTERVENCIÓN EDUCATIVA INTEGRAL CON PERSOAS MENORES QUE TEÑAN QUE CUMPRIR MEDIDAS XUDICIAIS PRIVATIVAS DE LIBERDADE PREVISTAS NA LEI ORGÁNICA 5/2000, DO 12 DE XANEIRO, REGULADORA DA RESPONSABILIDADE PENAL DOS MENORES NO CENTRO CONCEPCIÓN ARENAL.

En Santiago de Compostela, a 29 de abril de 2016.

REUNIDOS:



Dunha parte, D. José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, en nome e representación desta, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 126/2015, do 4 de outubro, polo que é nomeado conselleiro de Política Social e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.



Doutra parte, D. Antonio Campanón Sanjurjo con DNI nº 33321751H, como representante da Fundación Camiña Social con CIF G-27381797 e con domicilio social na Avenida da Coruña 345 entrechán local 7EC de Lugo, de acordo co establecido nos seus estatutos elevados a público en virtude de escritura outorgada en Lugo o día 17 de xuño de 2008 perante o notario Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias co numero 1409 do seu protocolo, modificados en virtude de escritura pública de formalización de acordos outorgada 22 de outubro de 2013 perante o notario Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias co número de protocolo 2561 e inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Ambas as dúas partes comparecentes recoñécense reciprocamente capacidade suficiente para o outorgamento do presente convenio de colaboración, e en consecuencia,

EXPOÑEN:

Primeiro. Que a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumidas entre as súas competencias, segundo o artigo 13 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, a protección e tutela dos/as menores en situación de risco ou desamparo e a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos



establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (en diante LORPM).

Segundo. Que a Fundación Camiña Social, constituída en virtude de escritura pública outorgada en Lugo o 17 de xuño de 2008 perante o notario Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias co número 1409 do seu protocolo, é unha entidade sen ánimo de lucro que figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E-5223.

Dentro dos seus obxectivos prevé a protección da infancia, menores, inmigrantes e terceira idade de acordo co previsto na lexislación autonómica, estatal e internacional aplicable así como a prevención no ámbito da drogadicción e a delincuencia xuvenil, de menores e mozos en xeral, accións estas que teñen relación directa co obxecto do convenio.

Terceiro. Que ambas as dúas partes na súa actuación teñen en conta, por unha parte, os principios recollidos na Convención dos Dereitos do Neno aprobada polas Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, así como o cumprimento da normativa estatal e autonómica sobre reforma de menores, e por outra, as regras mínimas uniformes das Nacións Unidas para a Administración de Xustiza de Menores (reglas de Beijing), adoptadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 29 de novembro de 1985, a Recomendación (87) 20 do Comité de Ministros do Consello de Europa, do 17 de setembro de 1987, sobre reaccións sociais ante a delincuencia xuvenil e o Dítame do Comité Económico e Social Europeo sobre a prevención da delincuencia xuvenil, modos de tratamento da delincuencia xuvenil e o papel da xustiza do menor na Unión Europea do 15 de marzo de 2006.

Quarto. Que o artigo 45.3 da LORPM faculta ás comunidades autónomas para establecer os convenios ou acordos de colaboración necesarios con entidades privadas sen ánimo de lucro, para a execución das medidas da súa competencia, baixo a súa directa supervisión, sen que isto supoña en ningún caso a cesión da titularidade e responsabilidade derivada da dita execución.

O artigo 88 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, atribúelle á Xunta de Galicia a potestade de celebrar convenios ou acordos de colaboración coas demais administracións, así como con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, para a execución das medidas da súa competencia, baixo a súa directa supervisión, de acordo cos principios de cooperación e colaboración, e sen que isto supoña cesión de titularidade ou responsabilidade.

Quinto. Que co fin de promover a concorrência pública e garantir os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e non discriminación a Consellería de Política Social convocou un procedemento de selección de entidades privadas sen ánimo de lucro para levar a cabo a atención residencial e a intervención educativa integral con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na LORPM (DOG nº 33, do 18 de febreiro).

Sexto. Que unha vez resolto o procedemento a Fundación Camiña Social resultou seleccionada para a colaboración coa entidade pública na atención residencial e a intervención educativa integral con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na LORPM no centro Concepción Arenal.

Por todo o exposto, a Consellería de Política Social e a Fundación Camiña Social acordan formalizar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. *Obxecto e ámbito de aplicación do convenio*

Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Camiña Social para a atención residencial e a intervención educativa integral con persoas menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na LORPM no centro Concepción Arenal.

Así mesmo, incluírá a atención dos fillos e fillas menores de tres anos que convivan coas súas nais internadas, de acordo co previsto na alínea n) do artigo 56 da LORPM e no artigo 34 do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

O convenio ten por obxecto satisfacer as seguintes necesidades:

Dar cumprimento ás seguintes medidas privativas de liberdade impostas polos xulgados de menores:

- Internamento en réxime pechado, semiaberto e aberto.
- Permanencia de fin de semana

Proporcionar unha atención residencial integral e continuada ás persoas menores internadas, que dea cobertura ás necesidades de alimentación, lavandaría, limpeza e mantemento das instalacións, de xeito que se asegure unha atención residencial de calidade.

- Levar a cabo unha intervención educativa integral dirixida a súa reinserción social.
- Garantir a vixilancia no centro e a saúde das persoas menores e facilitar a atención sanitaria nos supostos previstos na normativa aplicable.


Segunda. *Beneficiarios/as*

Persoas menores que teñen que cumprir unha medida xudicial privativa de liberdade prevista na LORPM e recollida no obxecto do convenio, así como, se é o caso, menores de tres anos que convivan coas súas nais internadas, de acordo co disposto no alínea n) do artigo 56 da citada lei e no artigo 34 do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo.

O termo "persoa menor" entenderase, como extensivo á totalidade daquelas persoas ás cales lles sexa aplicable algunha medida derivada da LORPM, independentemente de que alcanzasen ou non a maioría de idade no momento da súa execución, de acordo co uso que ao dito termo se dá na antedita lei.

Terceira. *Directrices e normativa*

Na colaboración para a atención ás persoas menores a Fundación Camiña Social terá en conta os principios inspiradores da execución das medidas xudiciais recollidos na LORPM e no Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, así como as directrices e instrucións ditadas dende a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica que desenvolvan estes





principios, primando fundamentalmente o carácter educativo dos programas cunha intervención integral que abrangue aspectos educativos, formativos, familiares e sociais que favorezan o desenvolvemento harmónico da súa personalidade e a súa toma de conciencia polos feitos cometidos. Esta intervención desenvolverase nas fases e de acordo cos obxectivos, áreas, programas e metodoloxías recollidas no Proxecto de Intervención Educativa Integral presentado, que se incorporará como anexo ao convenio.

Cuarta. Órganos de dirección, xestión e participación

O centro contará cos seguintes órganos de goberno, xestión e representación:

- Director/a.
- Subdirector/a.
- Consello de Centro.
- Comisión educativa.

Os órganos de goberno, xestión e participación adaptarán a súa composición e funcións ao establecido no Proxecto de Intervención Educativa Integral que se incorpora como anexo a este convenio.

Quinta. Obrigas

Da Consellería de Política Social:

Ceder en uso á Fundación Camiña Social por un período de tempo igual á duración do convenio e se é o caso, das súas posibles prórrogas, o inmovible correspondente ao centro Concepción Arenal. O actual inmovible poderá ser substituído por outras instalacións.

Tamén serán cedidos en uso os equipamentos e bens mobles necesarios, os cales figuran identificados e relacionados con carácter de inventario no anexo a este convenio.

- Remitir á Fundación Camiña Social toda a información relativa ás medidas para a súa execución.
- Realizar todas as actuacións administrativas que, de acordo coa súa competencia, lle correspondan na execución das medidas.
- Elaborar circulares e instrucións que establezan un procedemento para a execución e seguimento das medidas privativas de liberdade así como de soportes documentais que permitan un tratamento informático da información que garanta a unidade de expediente e a súa reserva.
- Contribuír ao financiamento das actividades obxecto deste convenio nos termos sinalados na cláusula sexta.
- Levar a cabo o seguimento e supervisión do centro así como das actividades levadas a cabo pola entidade na execución das medidas.
- Asumir no caso de que sexan necesarias, a realización de obras que afecten á estrutura resistente dos edificios e do resto das instalacións.



Da entidade colaboradora:

• *En relación coa persoa menor ou mozo/a.*

- Exercer a súa garda e custodia.
- Proporcionarlle, no momento do seu ingreso información sobre os dereitos e deberes, de acordo co establecido na normativa vixente.
- Respetar os seus dereitos, tanto os que lle recoñecen as leis nacionais coma as internacionais, así coma os dereitos que se deriven da execución da medida xudicial.
- Prover á persoa menor dun ambiente coas condicións socioeducativas axeitadas, para abordar as dificultades que deron lugar ao comportamento conflitivo e que supuxeron a infracción penal, e para facilitar o seu normal desenvolvemento evolutivo.
- Xestionar con axilidade a documentación administrativa que as persoas menores precisen.
- Realizar o acompañamento e asesoramento, garantindo que a intervención educativa que se realice responde a parámetros de calidade.

Contar con protocolos de actuación, cando menos, para asegurar a integridade física e psicolóxica da persoa menor en situacións que sexa preciso usar medios de contención, para a intervención en situacións de crise e para a prevención de suicidios.

• *En relación coa execución das medidas.*

Admitir todos os ingresos que, contando co correspondente mandato xudicial, sexan ordenados pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, logo de confirmar a existencia de praza.

- Prestar ás persoas menores internas a atención médica prevista na LORPM e no seu regulamento, sen prexuízo da asistencia sanitaria universal que ofrece a sanidade pública.
- Realizar, no caso das medidas de permanencia de fin de semana, a correspondente entrevista coa persoa menor con carácter previo á elaboración do programa individualizado de execución de medida.
- Elaborar e presentar nos prazos recollidos legalmente un programa individualizado de execución de medida para cada menor ou un modelo individualizado de intervención nos supostos de medidas de carácter preventivo.
- Realizar as actuacións que correspondan de acordo co programa de execución aprobado, para o seguimento e a execución definitiva da medida.
- Elaborar e remitir os correspondentes informes de seguimento, así como de incidencias, se as houber, co obxecto de manter informadas á autoridade xudicial e administrativa.
- Elaborar e remitir calquera outro informe que lle sexa solicitado polo xulgado ou fiscalía competente ou pola entidade pública responsable da execución.
- Propoñer o internamento da persoa menor nun centro sociosanitario se, en atención ao diagnóstico realizado ou á evolución na medida, se considera o máis axeitado.
- Presentar, cando se considere procedente, a proposta de revisión xudicial da medida ou



medidas.

- Asistir ás entrevistas, reunións e actos e dilixencias procesuais aos cales sexa convocada.
- Actuar de xeito coordinado co persoal técnico, entidades ou servizos que participen na execución da medida.
- Preparar, en coordinación co persoal do equipo de medio aberto correspondente, o segundo período de execución da medida.
- Elaborar o informe final de valoración do proceso de execución e da situación á dita data da persoa menor.
- Informar, en calquera momento e por pedimento do departamento da Xunta de Galicia competente na área de menores, sobre a evolución da situación das persoas menores ao seu cargo.
- Seguir as instrucións establecidas pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, así como das súas xefaturas territoriais, en relación coa execución das medidas xudiciais, e subministrar toda a información que lle sexa solicitada.



Comunicar de xeito inmediato á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social así como ás súas xefaturas territoriais calquera incidencia relevante na execución da medida ou o seu incumprimento, así como todas aquelas circunstancias sobrevidas que poidan orixinar irregularidades no desenvolvemento da actividade conveniada.

- Executar inmediatamente o mandamento de posta en liberdade unha vez comprobado que a persoa menor non está suxeita a outras medidas de internamento pendentes de execución. Nos casos de desinternamento dunha persoa menor de dezoito anos, a dirección do centro porase en comunicación cos seus proxenitores, representantes legais ou xefatura territorial no caso de menores tutelados/as, para que se fagan cargo dela no momento do desinternamento.

Unha vez rematada a medida xudicial e feita a comprobación de que a persoa menor non vai ter que executar novas medidas impostas, a entidade colaboradora:

- Entregará á/ao menor toda a documentación de carácter persoal que lle pertenza.
- Destruirá todas as copias da documentación que **elaborase** ou que lle fora remitida pola Consellería de Política Social. A información que teña sobre a persoa menor en calquera soporte distinto do papel será destruída tamén conforme o disposto na normativa aplicable.
- Remitirá á xefatura territorial da Consellería de Política Social o resto da documentación orixinal, indicando expresamente que é para dar cumprimento ao establecido no apartado 6 do artigo 12 do Regulamento da LORPM.

• *En relación co persoal adscrito á intervención.*

- Contar cun cadro de profesionais para a intervención educativa con alta cualificación técnica e humana en número suficiente para cubrir as ratios de persoal establecidas no



Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia , coa composición e número determinados na memoria que se anexa ao presente convenio.

As características do persoal, modalidades de contratación, titulacións, experiencia laboral, horario, etc, deben adaptarse ao establecido na devandita memoria.

Este persoal dependerá exclusivamente da entidade conveniada, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa condición de empregadora respecto daquel, correspondéndolle á entidade a súa dirección técnico educativa e organización . A administración será de todo allea ás relacións entre o persoal e a entidade colaboradora. Por conseguinte, en ningún caso o referido persoal poderá alegar ningún dereito en relación coa Administración nin esixirlle a esta responsabilidade de calquera clase como consecuencia das obrigas existentes entre a entidade conveniada e o seu persoal.

En ningún caso a sinatura do convenio suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a Administración e o persoal que a entidade achegue para levar a cabo a atención residencial, a intervención educativa integral, coas persoas menores.

A extinción do convenio non poderá producir en ningún caso a consolidación das persoas que realizen os traballos obxecto do convenio como persoal da Xunta de Galicia.

A cobertura, en todo momento, dos postos de traballo e das correspondentes funcións. En consecuencia, a entidade efectuará ao seu cargo e inmediatamente as substitucións necesarias do persoal que teña asignado á actividade sexa cal for a súa causa, de forma que a execución das medidas xudiciais quede sempre asegurada. As variacións que se produzan no cadro de persoal serán inmediatamente comunicadas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para a súa autorización, acompañando a documentación acreditativa da titulación e do curriculum profesional.

- Garantir a retribución axeitada do seu persoal, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e /ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de xeito que en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará.
- Garantir a calidade técnica (titulación, formación e aptitude profesional) do persoal que leva a cabo a intervención, sendo ao seu cargo a formación e promoción precisa para asegurar a calidade desta.
- O cumprimento respecto do persoal da entidade da normativa laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento.

No suposto de que sexa obrigatoria a subrogación do persoal por estar así establecido nos convenios colectivos vixentes, aplicárase o disposto nestes.

- O cumprimento do disposto nas normas vixentes en caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido ao persoal con ocasión do exercicio do seu cometido, baixo a





súa responsabilidade, sen que esta alcance de ningún modo á Administración conveniente.

- Informar e formar ao seu persoal nas obrigas que dimanan da lexislación aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Desenvolver, con carácter anual, un plan de formación permanente do persoal do centro. Este plan enviarase á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica con tres meses de antelación á súa posta en marcha, para os efectos do seu visto e praxe.

• *En relación coa intervención educativa.*

- Levar a cabo a intervención educativa de acordo co proxecto de intervención educativa integral para a execución das medidas de internamento presentado pola entidade, que se anexa ao convenio.
- Poñer a disposición da persoa menor os recursos precisos para cubrir as necesidades derivadas da súa formación escolar e ocupacional.
- Presentar á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica unha programación anual que recolla as previsións de actuación ao longo do ano, co fin de ter sistematizado o traballo do centro e poder avalialo ao finalizar cada período. Deberá ser presentada no mes de decembro do ano anterior a que fai referencia e conter, cando menos, a descrición das actividades que se van a desenvolver en cada unha das áreas de intervención, a programación das reunións educativas, o sistema de avaliación periódica da execución da programación anual e o modo de actualización ou corrección da programación en función das avaliacións periódicas.
- Proporcionar e xestionar os medios e recursos necesarios para o óptimo desenvolvemento das actividades e programas.

• *En relación coa atención residencial.*

- Garantir que as habitacións, as zonas de convivencia e as zonas dedicadas á realización de actividades formativas, deportivas ou de ocio sexan acolledoras e confortables e estean adecuadamente equipadas.
- Subministrar o vestiario necesario ás e aos menores se non optan por utilizar a súa propia vestimenta. As pezas de roupa deben ser correctas, adaptadas ás condicións climatolóxicas e desprovistas de calquera elemento que poida afectar á súa integridade, seguridade ou saúde, ou que as identifique como persoas internas.
- Manter en condicións de uso axeitadas a roupa de cama, mesa e aseo (sabas, mantas, colchas, edredón, albornoces, manteis e toallas) e repoñela nos supostos de perda ou deterioración.
- Cambiar e lavar a roupa interior das e dos menores con carácter diario ou, se for preciso, con maior frecuencia. Respecto da restante roupa de uso persoal observarase unha periodicidade mínima de dúas veces por semana.
- Cambiar a roupa da cama sempre que o requiran as circunstancias e, en todo caso, semanalmente, así como cando se produza un novo ingreso.





- Dotar ás e aos menores dos servizos de perrucaría e do material de limpeza e aseo persoal que precisen.
- Dispoñer dun réxime dietético de alimentación equilibrado e variado, acorde coas necesidades enerxéticas que as idades das persoas menores precisan, o cal deberá contar cando menos con catro inxestas (almorzo, comida, merenda e cea) e estar visado polo/a profesional correspondente.
- Dispoñer de dietas especiais para os/as menores que o requiran, tanto por prescrición facultativa como por motivos relixiosos.
- Gardar mostras testemuño das comidas servidas diariamente durante o tempo marcado pola normativa sanitaria, de cara a posibilitar o seu estudo epidemiolóxico no suposto de se producíren brotes de toxiinfección alimentaria.
- *En relación co Inmable.*
 - Utilizar o inmable titularidade da consellería. Este uso circunscríbese á vixencia do convenio, sen que poida alegar ningún dereito, nin usalo para outro fin distinto do aquí previsto.
 - Achegar os recursos materiais necesarios para levar a cabo a actividade que se detallan na memoria presentada que figura como anexo ao presente convenio, e que cumpren no seu caso, os requisitos mínimos establecidos no anexo II da convocatoria.
 - Manter en bo estado os inmobles, os bens mobles e a totalidade do equipamento achegados pola Administración, os cales deben ser devoltos á finalización do convenio nas mesmas condicións en que foron entregados, asumindo ditas entidades todos os gastos derivados do seu funcionamento, reposición e mantemento .
 - Levar a cabo o mantemento das zonas comprendidas dentro do perímetro valado dos centros, estean axardinadas ou non.
 - Manter o centro en todo momento en perfecto estado de hixiene e limpeza.
- *Outras obrigas.*
 - Facilitar o exercicio das facultades de comprobación, dirección e inspección da Administración acerca da actividade conveniada. En consecuencia, en canto teña relación co obxecto do convenio, a Administración poderá obter da entidade conveniada a documentación e información que xulgue oportuna, establecer os sistemas de control de calidade que se deberán empregar e levar a cabo as inspeccións que coide pertinentes, reservándose para estes efectos, a facultade de realizar as visitas que considere necesarias para comprobar as condicións técnicas de execución da intervención, o cumprimento dos requisitos para desenvolver a actividade, o trato e asistencia que reciben as persoas beneficiarias, así como o bo funcionamento e cumprimento das obrigas contraídas. Poderá solicitar a comparecencia de persoal directivo da entidade e /ou das persoas menores usuarias do centro. Así mesmo, a Administración está facultada para ditar as instrucións oportunas para o estrito cumprimento do convenio.



A entidade acatará exacta e inmediatamente as ordes e instrucións que lle dite a Administración para a execución da actividade.

A entidade conveniada poderá requirir a identificación documental de quen deba exercer esta facultade de inspección e a entrega das instrucións por escrito por parte da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

- Presentar no prazo de dous meses dende a sinatura do convenio un regulamento de réxime interno, o cal estará exposto no centro nun lugar visible ao público, e contará como mínimo coas normas de funcionamento, dereitos e deberes das persoas usuarias e órganos de representación e participación.
- Presentar no prazo de dous meses dende a sinatura do convenio o Plan de prevención de riscos laborais e as medidas de emerxencia en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación, que deberán ser coñecidos por todas as persoas, tanto menores como profesionais. Os planos de evacuación estarán permanentemente expostos en lugar visible.
- Asumir os gastos xerados polos desprazamentos das persoas menores e do persoal educador acompañante, así como os derivados das pagas de cartos de peto as cales terán carácter educativo e estarán orientadas ao mellor cumprimento das medidas que se establezan, dentro dos requisitos que se definan no regulamento de réxime interno do centro.

Cumprir a normativa vixente e cantas disposicións sobre protección e reeducación de menores dite a Xunta de Galicia e os seus órganos competentes no exercicio das súas atribucións.

- Desenvolver e executar todas aquelas instrucións, circulares, protocolos, etc, emitidas en relación coa actividade obxecto de convenio, pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para unha mellor organización e seguimento desta.
- Cumprir a normativa vixente en materia hixiénico-sanitaria.
- Xustificar as pólizas de seguros e o pagamento da prima cada vez que corresponda renovar dita póliza.
- Indemnizar os danos que se causen a terceiras persoas como consecuencia das operacións que requira a actividade, excepto cando o dano fose producido por causas imputables á Administración.
- Expor, nun lugar visible ao público o organigrama do persoal adscrito á execución das medidas.
- Contar cun libro de rexistro de persoas usuarias e un libro de rexistro das persoas encargadas da súa asistencia letrada, ambos os dous autorizados pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- Contar cun expediente individual e único para cada persoa menor onde conste toda a información prevista na normativa aplicable.
- Dispor dun libro de reclamacións, segundo o modelo aprobado, e dunha caixa de





suxestións, de cuxa existencia deberá informarse nun lugar visible ao público.

- Dispor dun libro de queixas segundo o modelo aprobado, de cuxa existencia deberán ser informadas as persoas menores.
- Contar coa autorización da Xunta de Galicia para dar publicidade en calquera soporte das intervencións realizadas ao abeiro do convenio (publicacións, estatísticas, memorias, etc.).
- Contar coa autorización da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para a organización de eventos (seminarios, congresos, xornadas, etc.) así como para a presentación de relatorios, comunicacións e outros nos que se traten temas directamente relacionados coa actividade conveniada.
- Elaborar unha memoria anual e os informes de seguimento da actividade desenvolvida que se lle indiquen por parte do persoal técnico da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A memoria anual será presentada ante a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica durante o primeiro trimestre do ano seguinte a que corresponde e conterá a descrición e análise cuantitativa e cualitativa de todas as actuacións desenvolvidas durante ese ano.

Ademais presentarase anualmente a explotación estatística dos datos conforme, entre outros, as seguintes epígrafes que serán, en todos os casos, desagregadas por sexo:

- a) Número de persoas menores atendidas, clasificadas por medidas segundo os seguintes tramos de idade: 14-15, 16-17, 18-21 e de 21 en diante.
 - b) Idade, nacionalidade e etnia das persoas menores infractoras atendidas.
 - c) Tipoloxía das medidas en relación cos delitos cometidos.
 - d) Tipoloxía dos delitos cometidos e medidas aplicadas.
 - e) Nivel de escolarización e/ou formación e características sociofamiliares.
 - f) Participación nos distintos programas.
 - g) Contactos e entrevistas realizadas coa familia da persoa menor.
 - h) Índice de reincidencia e perfil das persoas reincidentes (idade, nacionalidade, etnia, nivel de escolarización e/ou formación e características sociofamiliares).
- Colaborar coa administración na investigación, estudo e desenvolvemento de programas relacionados coa delincuencia xuvenil en Galicia.
 - Incorporar en todo o material e documentación xerada polo programa o logotipo da identificación corporativa da Xunta de Galicia

Sexta. Compromisos económicos e forma de pagamento e xustificación

A Fundación Camiña Social percibirá da Consellería de Política Social con cargo aos orzamentos aprobados para estes fins unha compensación polos gastos en que incorra no desenvolvemento do convenio de 3.893.333,33 euros, que en ningún caso supón un beneficio económico para a entidade conveniada.



A dita compensación será satisfeita por meses vencidos, logo da xustificación dos gastos mediante a factura correspondente.

Para o aboamento da compensación a entidade colaboradora presentará á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, dentro dos cinco días seguintes ao mes en que se levou a cabo a actividade conveniada, os seguintes documentos:

- a) A factura correspondente conforme o establecido no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- b) Certificado da entidade onde conste o persoal que leva a cabo a actividade, ordenado por grupo profesional e posto de traballo, especificando o nome e apelidos, número de afiliación á Seguridade Social, tipo de contrato e dedicación horaria.
- c) Copia dos TC1 e TC2 da Seguridade Social do persoal propio.
- d) Copia das facturas das actividades subcontratadas.
- e) Folla de atención mensual, asinada pola persoa responsable do centro onde constarán todas/os as e os menores que estiveron executando unha medida no período facturado, especificando: nome e apelidos, data de nacemento, expediente xudicial, data de ingreso, data de fin de medida e movemento (permanencia, alta ou baixa).

A documentación sinalada nas letras b), c) e d), unha vez achegada coa primeira facturación da actividade desenvolvida, só é preciso remitila no caso de que sufra variación.

Para a presentación das facturas utilizarase como sistema preferente o sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia. Para máis información: <http://conselleriadefacenda.es/factura> e <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon>.

Sétima. *Confidencialidade*

Ambas as dúas partes garanten a total confidencialidade dos datos persoais e familiares a que teñan acceso como consecuencia das actividades que se va realizar, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e no artigo 12 do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei orgánica 5/2000, que regula o expediente persoal do menor na execución da medida.

No seu cumprimento, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, responsable do ficheiro "Xestión de servizos sociais", regulado pola Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal (DOG nº 246, do 27 de decembro) autoriza á Fundación Camiña Social como encargada do tratamento, para que acceda aos datos de carácter persoal contidos no devandito ficheiro, aos únicos efectos da execución deste convenio.

A entidade conveniada como encargada do tratamento tratará os datos de conformidade coas instrucións do responsable do ficheiro e só coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. En particular deben prestar cumprimento ás previsións establecidas para o ficheiro de Servizos




Sociais incluído no Anexo I da Orde do 15 de decembro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Traballo e Benestar. Os datos persoais a que teña acceso a encargada do tratamento non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

A responsable do ficheiro, e, de ser o caso, a encargada do tratamento deberán adoptar as medidas de índole técnicas e organizativas precisas que garantan a seguridade dos datos persoais e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados. A Orde do 15 de decembro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería dispón que o ficheiro ten un nivel de seguridade alto, polo tanto será precisa a aplicación das medidas de seguridade previstas no título VIII do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro.



A encargada do tratamento poderá subcontratar os servizos de auditoría e consultoría necesarios para garantir a adecuación do tratamento dos datos á Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro nos termos establecidos no artigo 21. 2 do Real Decreto 1720/2007. A empresa subcontratada pasa a ter a condición de encargada do tratamento e queda obrigada igualmente ao cumprimento das instrucións estipuladas pola responsable do ficheiro para a encargada do tratamento. Adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade, integridade e confidencialidade dos datos de carácter persoal tratados conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro e ao Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro.



Unha vez finalizada a vixencia do convenio os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos á responsable do ficheiro, ao igual que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento. Porén non procederá a destrución dos datos cando exista unha previsión legal que exixa a súa conservación; neste caso deberá procederse á súa devolución, garantindo ao responsable do ficheiro a dita conservación. A encargada do tratamento conservará os datos, debidamente bloqueados, en canto poidan derivar responsabilidades da súa relación coa responsable do ficheiro.

A obriga de confidencialidade subsistirá aínda despois da finalización do contrato.

A encargada do tratamento responderá directamente ante a Axencia Española de Protección de datos dos incumprimentos que se poidan derivar das condicións anteriores.

Oitava. Comisión mixta de seguimento

Para o seguimento do presente convenio constituirase unha Comisión Mixta á cal serán sometidas todas as cuestións derivadas do seu desenvolvemento e que non foran recollidas nel ademais de, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Esta comisión está composta por :

- O/a representante legal da entidade ou persoa en que delegue.
- A Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou persoa en quen delegue.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.



A propia comisión acordará o seu calendario de reunións.

Novena. Vixencia e posibles prórrogas

O presente convenio xurdirá efecto dende o 1 de maio de 2016 ata o 31 de decembro de 2017 e poderá prorrogarse por acordo expreso das partes por períodos sucesivos, non superior cada un deles a un ano, ata un máximo de 2 anos, todo iso condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes.

No caso de que non se prorrogue o convenio por causas imputables á entidade conveniada, esta debe continuar coa actividade que viña desenvolvendo mentres a administración non formalice un novo convenio con outra entidade.

Décima. Causas de extinción

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

1. Expiración do prazo de vixencia.
2. Mutuo acordo das partes outorgantes.
3. O incumprimento dos compromisos e cláusulas do convenio.
4. Imposibilidade sobrevida do obxecto do convenio.

Décimo primeira. Natureza xurídica e cuestións litixiosas

O presente convenio terá carácter administrativo e rexeráse polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, polas prescricións do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que se poidan presentar.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio á hora de interpretar, modificar ou resolver as lagoas ou dúbidas que se poidan presentar.

Correspóndelle á Consellería de Política Social a resolución de cantas cuestións litixiosas xurdan sobre a interpretación, modificación ou efectos do convenio, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, e cabe contra eles recurso contencioso-administrativo segundo o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos, o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Porén, contra os actos da administración poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que os ditou, no prazo dun mes para actos expresos e de tres meses para os que non o sexan, segundo o disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Publicidade do convenio

Este convenio será obxecto de publicidade de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Asimesmo, incluírase no Rexistro Público de Convenios, de conformidade co Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

A entidade asinante presta o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos aos convenios asinados no rexistro público de convenios creado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Gobierno Aberto.


E, en proba de conformidade ambas partes asinan o presente convenio por cuádruplicado, no lugar e data expresados.

Pola Consellería de Política Social



O CONSELLEIRO
José Manuel Rodríguez Varela

Pola Fundación Camiña social



Fundación
CAMIÑA SOCIAL
C.I.F.: G-27381797
Antonio Campanón Sanjurjo

